

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 1 DE FEBREIRO DE 2012

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON XOSÉ ANTÓN BAO ABELLEIRA, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON LINO JOSÉ GONZÁLEZ-DOPEÑO GARCÍA, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO e DON FRANCISCO JOSÉ FRAGA LÓPEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro-Secretario da Xunta de Goberno Local, don Lino José González-Doposo García, e asisten á sesión o Secretario Xeral do Pleno, don José Antonio Carro Asorey, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Tojas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 25 de xaneiro de 2012.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS DE ACTIVIDADE E DE OBRAS.- Acórdase a concesión de licenza municipal de instalación e de licenza de obras para nave de recría, aumento de sala de muxidura, lazareto, almacén de produtos agrícolas, esterqueira e plataforma en Lamaboa, San Xoán do Campo.

2. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a desestimación de recurso interposto contra o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local do 23 de novembro de 2011, e en consecuencia confirmar a resolución de concesión de licenza de obras solicitada para demolición e reformas na estación de servizo “Río Miño”, estrada N-VI, P.K. 498.

Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a demolición de tres edificacións sitas na rúa San Eufrasio, números 104, 106 e 108; para demolición de dúas edificacións sitas na avda. Carlos Azcárraga, números 28 e 30; para demolición, na que por cuestións de seguridade se mantén de forma provisional parte dos muros transversais, ao estar estes trabados cos muros medianeiros, que funcionaría como contrafortes en terreo público, mentres manteñan as edificacións lindeiras, sita na rúa Vella da Ponte, número 27; para a construción de dous edificios, en dúas parcelas resultantes da segregación aprobada na licenza urbanística número 194/09. edificio con fronte á rúa Veterinario Xoán Carballal, S/N, composto de planta soto para uso

de aparcadoiro e rochos, planta baixa para portal e local sen uso específico, plantas 1ª e 2ª para uso de vivendas (dúas vivendas por planta), planta 3ª e planta baixo cuberta para catro vivendas en dúplex, resultando un total de oito vivendas. Edificio con fronte á rúa Pena Rubia, números 15-17, composto de planta soto con acceso dende o soto do edificio lindeiro posterior para uso de garaxe, planta baixa para portal e local sen uso específico, planta primeira para dúas vivendas, e plantas 2ª a baixo cuberta para 4 vivendas en dúplex, para un total de seis vivendas; para reparación de parede de alpendre con apertura de porta e construción dun muro perimetral en solo rústico, Bagueixos-Tirimol; para cambio de uso do local 2º c, de oficina a vivenda e reforma interior para a súa adaptación, en edificio de planta soto, planta baixa e catro plantas altas para seis vivendas, oficinas e outros locais, con licenzas 544/96 e 14/02, aumentando nunha vivenda o número total do edificio sito en solo urbano na rúa Camiño de Pipín, número 29; para cambio de uso do local 3º C, de oficina a vivenda e reforma interior para a súa adaptación, en edificio de planta soto, planta baixa e catro plantas altas para seis vivendas, oficinas e outros locais, con licenzas 544/96 e 14/02, aumentando nunha vivenda o número total do edificio sito en solo urbano na rúa Camiño de Pipín, número 29 e para cambio de uso do local 4º C, de oficina a vivenda e reforma interior para a súa adaptación, en edificio de planta soto, planta baixa e catro plantas altas para seis vivendas, oficinas e outros locais, con licenzas 544/96 e 14/02, aumentando nunha vivenda o número total do edificio sito en solo urbano na rúa Camiño de Pipín, número 29.

Acórdase a denegación de licenza de parcelamento do predio matriz sita en solo clasificado como rústico en Santa María de Bóveda.

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para a realización de servizos extraordinarios por persoal adscrito á Unidade de Traballo Social Lamas de Prado. proposta de aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. INTERVENCIÓN.- Acórdase a dación de conta da modificación número 22 do Orzamento Xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 18.484,25 euros.

Tamén se acorda a dación de conta da modificación número 23 do Orzamento Xeral de 2011, mediante transferencia de crédito por importe de 114.000 euros.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a rectificación da liquidación número 5172177 (617/2011), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola licenza de obras de instalación de planta satélite de gas natural licuado para dar servizo ao Hospital Universitario Lucus Augusti en San Cibrao, por importe total de 14.555,76 €, por erro na valoración do presuposto de execución da obra.

Tamén se acorda a regularización da situación tributaria en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao declararse a caducidade do expediente de licenza para ampliación de escola infantil existente na planta baixa para unha planta primeira no edificio sito na rúa Doutor Yáñez Rebolo, 75.

ÁREA DE BENESTAR SOCIAL, IGUALDADE E XUVENTUDE

6. SERVIZOS SOCIAIS.- Acórdase a aprobación do III Plan de Igualdade entre mulleres e homes do Concello de Lugo.

Fóra da orde do día, e tras a declaración de urxencia previa, adóptanse os seguintes acordos:

- Acórdase a aprobación do proxecto técnico e do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto contratación das obras de rehabilitación de “A Ponte Vella” de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

- Acórdase a incoación de expediente de imposición de penalidades por incumprimento do prazo total de execución da obra na contratación das obras de construción dun edificio dotacional destinado a Policía Local e Protección Civil.

Lugo, 6 de febreiro de 2012
O CONCELLEIRO-SECRETARIO,

Asdo.: Lino José González-Dopeso García